

# A experiencia da viaxe e o intelectual de preguerra

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Universidade da Coruña

## **Resumo**

Visamos alargar a semántica convencional da viaxe e da literatura de viaxes para a adaptar con máis eficacia ao contexto galego das primeiras décadas do século XX. Distinguimos, por isto, entre viaxe masivo-forzosa (a emigración) e viaxe voluntario-propositada (a da minoría intelectual do tempo). O punto de encontro será a viaxe centrípeta, de volta ao país, para o considerar centro e destino da obra realizada. Risco, Castelao, Otero Pedraio representan exemplos senlleiros desta anagnórise, e unha parte substancial da súa obra así o vai reflectir. Ambos procesos, en fin (a conciencia da Galiza adquirida na emigración e a viaxe de retorno á Galiza), obrigan a reconceptualizar a existencia das convencionalmente chamadas dúas Galizas, a territorial e mais a da diáspora, para establecermos a divisoria –tanto dentro como fóra dela– en torno á identidade sentida e querida como tal. A distancia, pois, non é xeográfica, senón anímica, actitudinal e política.

## **Palabras chave**

Viaxe, emigración, retorno, Galiza, conciencia da identidade.

## 1. Introito

O signo lingüístico «viaxe» acumula no seu significado múltiples utilizacións. Desde o étimo latino *viaticum*, que fica como tal na súa condición de cultismo aplicado especificamente ás provisións para unha viaxe ou, no seu uso católico, á Eucaristía administrada *ante mortem*, até a voz patrimonial que designa o desprazamento, o deslocamento dun lugar a outro, e, desde esta orixinal denotación, incorporará novas e sucesivas connotacións. De modo e maneira que o significante «viaxe» albergará unha semántica case que *acordeónica*, pois será utilizado, metonímica e / ou metaforicamente (tamén como símbolo), para caracterizar un tipo de literatura; a descuberta monolóxica ou introspectiva do suxeito; a busca ou pescuda científica; os percorridos da imaxinación; a indagación no pasado; a propia vida, en fin... Semellante fertilidade significadora aconsella acoutar ou delimitar os sentidos en que utilizaremos o termo nesta comunicación e, así mesmo, o tempo a que nos referiremos, que modifica levemente -ou concreta- o título xeral destas Xornadas.

En *tempo* histórico, os dous anos de referencia serán 1916 e 1945, tres décadas que abranxen, como se ve, desde o ecuador da Primeira Guerra Mundial até a finalización da Segunda. A primeira data é realmente fundacional na historia da Galiza, pois nese ano, en que se constitúen as Irmandades da Fala, pódese considerar iniciado o século XX galego. A segunda data, por sobre a súa decisiva importancia a nivel mundial, representa, para nós, galegos, a clausura dunha etapa, condicionada pola sempiterna dependencia de España e as súas vicisitudes e, concretamente, polo desenlace da guerra civil española e a consolidación do rexime ditatorial grazas á inestimábel axuda das democracias occidentais. Naturalmente, o trienio 1936-1939 cobra especial importancia polo que supón de brutal interrupción dunha marcha histórica onde a Galiza comezaba a facer valer as súas decisións autónomas e onde a plebiscito do seu Estatuto, o 28 de Xuño de 1936, abría as páxinas dunha nova viaxe política, que xa non se puido iniciar.

Antes de indicarmos as escollas significativas que faremos da viaxe neste percurso histórico, anotaremos, aínda que só mereza este apuntamento preliminar, un dato curioso. Falaremos de viaxeiros, non de viaxeiras. Non atoparemos Exerías nen María Balteiras, cuxos nomes se abriron paso valentemente na selva da exuberancia masculina dos séculos IV e XIII, respectivamente. Hai, por suposto, emigrantes femininas en alto número, como veremos, mais, ao marcarmos esta ausencia, referímonos a personaxes coñecidas, públicas, que cheguen a ter presenza no libro, a revista, a política ou a actividade cultural. Boa proba da non linealidade da historia dánola o feito chamativo de renacermos como galegos da man dunha muller, no século XIX, Rosa-

lía de Castro, acompañada no seu labor literario por non menos de vinte rúbricas femininas, e, en troca, asistirmos, no período intersecular e, aínda, ao longo de todo o primeiro terzo do XX, a unha mingua notoria da participación literaria ou publicística feminina ou, como mínimo, dunha presenza que non significa o aumento esperábel nunha época en que a instrución aumentara e, supostamente, as posibilidades de intervención pública para as mulleres, tamén. Mais non é o caso. As escritoras e articulistas de publicacións como *Nós*, *A Nosa Terra*, o Seminario de Estudos Galegos... son residentes fixas na Galiza ou non fan crónica das súas viaxes. En boa lóxica, formarían parte, en non habendo por medio o hiato da guerra civil española, da xeración que marcaría a modernidade feminina na segunda metade do século XX, mais nengunha delas, militantes en número non desprezible do Partido Galeguista ou doutras formacións políticas ou sindicais, puido continuar a traxectoria de emancipación social e pública comezada na década dos trinta: a morte, de morte matada, o encarceramento, o exilio, a represión ou o silencio obrigado afogaron calquer continuidade pública do seu labor de preguerra.

A escolla que practicaremos nesta comunicación do concepto «viaxe» parte de a considerar sempre un elemento funcional na historia contemporánea da Galiza e, en concreto, no período de trinta anos que sinalamos antes. Usaremos este universal cunha deliberada liberdade interpretativa, para tentar reflectir procesos simultáneos mais moi diferentes na súa orixe e finalidade. Así, distinguiremos, en primeiro lugar, a **viaxe forzosa**; en segundo lugar, a **viaxe voluntaria**; en terceiro lugar, a **viaxe imposible**. Dentro da primeira, da viaxe forzosa, incluímos dous fenómenos parcialmente coincidentes no tempo e no espazo: a **emigración** e o **exilio**. A segunda, a voluntaria, dividímola en **centrífuga** ou **centrípeta**, considerádomos sempre Galiza como centro. A terceira, máis que viaxe imposible, habería que a chamar **viaxe imposibilitada**, xa que con ela aludimos ao exilio interior, isto é, á permanencia forzosa na terra, con ocultación e represión da condición galega.

## 2. A viaxe forzosa ou masiva: a emigración

Con razón cualificaba Castelao a emigración de sarillo de moitos fíos que non se poden desenguedellar esquematicamente. Cando denominamos a emigración viaxe forzosa, por un lado, resemantizamos o termo, aplicado habitualmente a expedicións voluntarias e de lecer; por outro lado, queremos significar a existencia dunha épica oculta, a que encerra a viaxe masiva de miles e miles de compatriotas que abandonan o país nas primeiras décadas do século XX, por motivos ben coñecidos: procura de traballo remunerado; fuxida das obrigas militares que devolvían aos lugares galegos

cadáveres ou mutilados en altísima porcentaxe, procedentes das estúpidas e agónicas guerras coloniais españolas (Filipinas, Cuba, África...); busca dunha mobilidade ou ascenso social dificultado na terra; imposibilidade de facer fronte ao pagamento dos gravosos impostos do Estado... Noutras faces do poliedro tense reparado menos, en concreto, no enorme negocio que supón para unha economía capitalista organizada arredor de consignatarias de buques, empresas coloniais de Ultramar e intermediarios varios, ou na existencia dun «efeito chamada», por dicérmolo con palabras de hoxe, en virtude do cal os xa emigrados chaman por parentes, viciños ou amigos para fortaleceren a comunidade galega extraterritorial e xustificaren a súa propia partida, por non falarmos do papel dos «ganchos», isto é, dos axentes que viaxaban por todas as aldeas a recrutaren candidatos a emigrantes. Hai, en definitiva, levas oficiais de soldados e hai levas oficiosas de emigrantes.

Nun momento dado da historia contemporánea da Galiza, a emigración impónse na nosa paisanaxe como unha moda duradoira. Como hai palabras que as carga o demo, apurarémonos a aclarar que cando falamos de «moda», estémonos a referir a unha especie de tendencia fatal e resignadamente admitida, coa «naturalidade» que viría dada pola condición de ser galego, como resultado dunha especie de fábrica mental ou ecuación non discutida, que facía equivaler diñeiro, traballo digno, a abandono do país. Desta viaxe, vista como forzosa ou imperativa polos seus propios protagonistas, fálase moito menos, mais non por iso deixa de acumular elementos chamativos. Por exemplo. Imaxinemos o que supón viaxar desde unha aldea remota da nación a Buenos Aires, Montevideo ou La Habana cuns días ou unhas horas de tránsito na Coruña ou en Vigo, principais portos de saída, sen posibilidades económicas de ter coñecido nada ou case nada do propio país, con trinta ou máis días de navegación oceánica até a chegada á gran urbe de varios millóns de habitantes. Este emigrante, viaxeiro de última clase nos vapores *ad hoc* leva na súa mala (se é que a ten) ou no seu fato unhas poucas pertenzas, mais leva tamén unha idea da Galiza, unha metonimia falsa, que o leva a identificar a nación co lugar que acaba de deixar. É así como o fardel do emigrante pódese converter en fonte de todas as alienacións posíbeis, mesmamente porque **non se puido realizar viaxe nengunha polo interior do país**, por toda a súa variedade e diversidade, por comarcas diferenciadas, por lugares ben distintos, por obras de arte incomparábeis, por pegadas históricas cargadas de significación. Este emigrante pode afirmar con toda naturalidade que para ver o mar tivo de emigrar a Buenos Aires ou a Montevideo (¡isto na nación europea con máis quilómetros de costa en proporción ao seu tamaño!); ou para ir a un teatro; ou para comer determinados alimentos... (e créanme que estou a recordar exemplos reais, por esperpénticos que semellaren...).

A fatalidade da emigración e o inicio dunha viaxe equivocada, porque arrinca dunha identidade que se nega e dunha xenoestima correlativa, forman parte dunha conciencia popular que cristaliza esta negatividade en literatura, a fin de erguer un valado didáctico, moralizante ou exemplar, que corte os efectos mortais da marcha do país e mais da deserción lingüística. Exprésao perfectamente o seguinte conto, recollido por Xosé Ramón e Fernández-Oxea aquí ao lado de Ourense, no lugar de Caspiñón, parroquia de Santa Marta de Moreiras, municipio de Pereiro de Aguiar, e publicado na revista *Nós*, en 1927. Antes de lle dar lectura, recordemos como este ano marca un dos «picos» máis altos na emigración ultramarina, con cifras como estas: homes emigrantes da Galiza a América neste ano 1927, 13.463; mulleres, 9.386. Cifras que se completan coas do resto dunha década ou once anos exactamente (1925-1935) especialmente abondosa en emigrantes a destinos americanos: 109.156 homes e 77.734 mulleres. Eis o conto de Ben-Cho-Shey:

Eran tres irmaus que habían decidido saír pol-o mundo a ganarse a vida e ningún d'íles sabía falar o castelán, cousa que os traguía moi cavilosos, pois tiñalles dito un veciño, que corra moitas terras, que pra non se morrer de fame era preciso falar ben o castelán. Cando estaban discurrindo o que habían de facer chegaron uns casteláns e puxéronse a latricar moi alto. Entón matinaron de se ir chegando a íles y-escoitalos pra deprender. Foi primeiro o máis vello y-escoitou que dicían: nosotros. O home coidouse sabido d'abondo e voltando moi contente und'os irmaus díxolles:

- Xa sei falar o castelán; ouvinlle decir nosotros.

En vista do pronto e ben que seu irmau deprendera, tamén foi alá o segundo, que chegou cando un dos castelás decía: ahora mismo. E correndiño voltou und'os seus gabándose de que il tamén deprendera o castelán.

- Xa sei decir: ahora mismo, dixo todo fachendoso.

O máis cativo, pra non ser menos, tamén foi pé dos forasteiros e ouviulles decir: está bien, co que xa se coidou tan sabido como os seus irmaus.

Como xa sabían falar o castelán, decidiron saír a correr mundo dispostos a facerse ricos. Mais cando xa estaban en terras de Castela toparon un día no camiño con un home morto e, como tiñan bon natural, deulles pena d'íl e collérono pra arredalo da estrada. N'iste intre chegaron os gardas civís e preguntáronlles:

- ¿Quién mató a ese hombre?

- Nosotros, respondeu o máis vellos dos irmaus pra lucir os seus conecementos de castelán.

- ¿Cuándo lo han matado?, preguntaron os civís.

- Ahora mismo, dixo o segundo, pra non se quedar atrás.

- Entonces, dense Uds. por presos, dixeron os gardas.

- Está bien, reprimou o máis cativo, tan satisfeito de ver o ben que se enxerguían con aquela xente.

Entón os civís prendéronos e leváronos á cadea, onde pagaron coa vida o aldraxe d'esquencer a súa lingua pol-a allea (Ben-Cho-Sey 1927: 10).

Mais fagamos pola nosa conta unha viaxe retrospectiva, antes de entrarmos a considerar as características deste relato da literatura popular. No completísimo *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, de Pascual Madoz (1845), así aparece descrita a produción deste municipio:

[...] trigo, maiz, centeno, castañas, patatas, legumbres, lino, aceite, vino tinto y blanco, hortalizas, leña, algunas frutas y pastos; hay ganado vacuno, de cerda, mular, lanar y cabrío; caza de liebres, conejos y perdices, animales dañinos y pesca de varias clases. IND.: la agrícola, molinos harineros, telares de lienzo ordinario y de sayal y alfarería, **emigrando muchos vec. á Castilla y Portugal para buscar trabajo** [negras] (Madoz 1986: 1002).

A aquela altura, 1845, a parroquia de Santa Marta de Moreiras tiña máis de cen casas, distribuídas en trece aldeas, unha poboación de 130 viciños, con 751 almas (o que dá unha media de case seis membros por casa). Se xa no ecuador do século XIX funciona o *costume* de emigrar, calculemos a *naturalidade* con que se contemplaría esta viaxe forzosa fóra da terra setenta ou oitenta anos despois, cunha acentuación neta das condicións favorábeis a este fenómeno e sen que se activasen –na economía, na política– resortes contrarios, isto é, tendentes a fixar poboación na Galiza e a fortalecer os seus sectores produtivos. Porque a descrición exhaustiva de Madoz non dá conta dunha produción pobre, dunha agricultura intensiva ou dun deserto páramo, mais sobre esta morfoloxía dunha agricultura-gandaría potencialmente rica non se proxecta en absoluto a necesaria *sintaxe* política: a Galiza é periferia en todos os sentidos, exportadora de materias primas e de forza de traballo. A terra podería dar para comer e manter unha poboación estábel, mais non para atender gravosas obrigas fiscais dun Estado cada vez máis voraz, que esixe pagamento en diñeiro, sen que teñan desaparecido as vellas *cotizacións* eclesiásticas en especie, ou se teña resolvido o problema ancestral da propiedade da terra.

Mais, como xa adiantamos, a conciencia colectiva, popular, non é allea aos males profundos que acarreta a emigración e así o quer manifestar, perante auditorios igualmente populares, a través de narracións exemplarizantes como a que reproducimos, que, por certo, teñen equivalencia temática e moral en relatos, por exemplo, da literatura popular quechua. Dúas sangrías igualmente lesivas ou mortais se queren cortar: a que expulsa xente da nación e a que abandona o idioma propio.

### 3. A utilización da emigración (viaxe forzosa) pola súa virtualidade simbólica ou parabólica

Se, en libérrima ou caprichosa adaptación, quixésemos nós, galegos, adaptar a denominación «literatura de viaxes» ás que teñen como destino e finalidade a emigración, ben poderíamos facelo, pola abundancia de testemuños, algúns deles excelsos. Claro está que para esta readaptación, a crítica literaria tería que admitir como criterio de definición a clase social: a denominada, convencionalmente, literatura de viaxes, ten como protagonistas aristócratas, burgueses ou, en todo caso, persoas con capacidade dineraria suficiente como para emprendelas, ben sexa por conta propia, ben sexa por conta allea, a cargo dun *sponsor*. Nesta literatura con temática netamente galega muda, claro está, a clase social: o emigrante non é viaxeiro por pracer, non é turista, non dispón de recursos, non viaxa por coñecer exóticos lugares que curen o seu *spleen*. Outra é a escena e outro é o drama.

Máis de sesenta anos antes de transcrito este conto que acabamos de ler, xa Rosalía de Castro informa, no relato-artigo-crónica «El cadiceño» (1865-1866), das consecuencias nefastas para a comunidade (a aldea onde retornan dous emigrantes procedentes de Cádiz) de toda a carga de autodio, estupidez, asimilación lingüística, práctica do castrapo, simulación de riquezas nunca posuídas..., que traen consigo os que introxectaron até extremos traxicómicos toda a negatividade do ser galego. Na literatura do XX, a emigración, como non podía ser doutra forma, constitúese en elemento de tematización constante. Mais nesta epígrafe ímonos referir só a dous tratamentos literarios, que forman parte do volume *Cousas*, de Castelao, pola súa estrita coetaneidade (1926, 1ª edición; 1929, 2ª). Trátase do relato que ten por protagonista a Ramón Carballo, exemplo paroxístico do drama da emigración e simbólico do papel que agarda a Galiza dentro do capitalismo mundial, e mais o que comeza «Unha rúa nun porto lonxano...», que gostamos de analizar como unha parábola referida á necesaria **viaxe centripeta**, isto é, a que nos leve, *à rebours* de todas as aparencias, a coñecérmonos nós mesmos, unha vez abandonadas as carautas da falsa identidade. Vaiamos co primeiro dos relatos:

#### I

Cando eu era rapaz chegou Ramón Carballo; viña con chaqueta de tarazona forrada de baeta vermella e unha gorra con visera de carei, como veñen os que van a navegar. Tamén traía o peito tatuado, que ben lle mirei eu un paxaro cunha carta no peteiro e o seu nome debaixo.

Lémbrome que Ramón Carballo foi a Buenos Aires e volveu sen cartos. Logo foi á Habana e non trouxo diñeiro. Despois foi a New York e volveu tan probe como fora. Ramón Carballo aínda foi a non se sabe onde e non volveu máis.

## II

Eiqué compría escribir unha novela; pero eu son home de ben e non debo contar o que non sei. Pero novela haina.

## III

M. Lavalet gana o seu pan vendendo restos humanos. M. Lavalet é un home arrepiante: ollos roxos de vidro, cabelos mortos de peluca vella, regos secos de suor luxado na testa, friaxe de ter nas mans e nos beizos a sustancia de moitos venenos.

Iste home vive no terceiro piso dunha rúa estreita de París.

Un día chamei cos cotelos á porta e entrei... Unha sala chea de ósos humanos, algúns aínda frescos, compoñía o comercio para médicos. Na sala de curiosités, para cosmopolitas, había moitas cousas: un feto momificado ollándose o embigo, unha caveira de gorila coa súa cresta de casco guerreiro, a pelexa da cabeza dun chino para sere colocada nunha armadura de escaiola.

Cando M. Lavalet soupo que eu era pintor amostroume unha gran colección de coiros humanos tatuados e curtidos para facer petacas, carteiras...

Un dos coiros era do peito dun home, representando un paxaro cunha carta no peteiro e debaixo do deseño campaba iste nome: Ramón Carballo (Castelao 1971: 33-34).

E, agora, o segundo:

Unha rúa nun porto lonxano do norte. As tabernas están acuguladas de mariñeiros e botan polas súas portas o bafo quente dos borrachos. Xentes de todas as castes do mundo, cantigas a gorxa rachada, música de pianolas chocas, moito fedor a sebo...

Un mariñeiro que fala francés tropeza cun mariñeiro que fala inglés. Os dous fanse promesas de gran amizade, cada un no seu falar. E sen entenderse camiñan xuntos, collidos dos brazo, servíndose mutuamente de puntales.

O mariñeiro que fala francés e mais o mariñeiro que fala inglés entran nunha taberna servida por un home gordo. Queren perder o sentido xuntos, para seren máis amigos. ¡Quen sabe se despois de ben borrachos poderán entenderse!

E cando o mariñeiro que fala inglés xa non rexe co seu corpo comenza a cantar:

Lanchiña que vas en vela;  
levas panos e refaixos  
para a miña Manoela.

O mariñeiro que fala francés arregala os ollos, abrázase ao compañeiro, e comenza tamén a cantar:



Lanchiña que vas en vela;  
 levas panos e refaixos  
 para a miña Manoela.

¡A-iu-jú-jú! Os dous mariñeiros eran galegos.

O taberneiro, gordo coma un flamenco de caste, veu saír aos dous mariñeiros da taberna e pola súa faciana vermella escorregaron as bágoas. E dispois dixo para si nun laído saudoso:

¡Lanchiña que vas en vela!

Tamén o taberneiro era galego (Castelao 1971: 89-91).

#### 4. A viaxe voluntaria

Indicamos antes que ela alberga un duplo carácter, unha antinomia, sempre tomando a Galiza como centro. É, por parte de intelectuais, pintores, escritores, políticos, funcionarios... unha viaxe centrífuga, de escapada, ou ben todo o contrario, unha viaxe centrípeta que garante un retorno onde a personalidade e a pertenza nacional se reforzarán. O punto de partida actitudinal é claramente diferente. No primeiro caso, os seus protagonistas serán continuadores dunha tradición antiga que se remonta xa ao século XVII: é a «fuga de cerebros» á galega, que dá orixe a toda unha pléiade de celebridades (bispos, confesores rexios, filósofos, políticos, embaixadores, mariños de gran profesionalidade e prestixio...) que extravasan as súas capacidades ao servizo do poder castellano-español, nun proceso que adelgaza aínda máis o papel político da Galiza na monarquía. Funcionando como axioma non discutido «Galiza, capital Madrid», triunfan nesta capital en moitas ocasións e, independentemente da percepción que teñan da súa terra de orixe (afecto ou desafecto; saudades ou arredamento), o caso é que os seus traballos e días, a súa enerxía creadora, a súa dedicación, renden beneficio e proveito para outras terras, outros dirixentes, outras plusvalías.

A grandísima novidade do primeiro terzo do século XX consistirá na ruptura consciente desta tradición, desta especie de diáspora político-intelectual, ruptura que non nace da nada senón dunha liña de fidelización patriótica que xa inauguraran os Restauradores do XIX, sobre todo a través do diálogo e increpación en pé de igualdade que realiza Rosalía de Castro con Castilla-España en lugares e momentos significativos da súa obra, tanto en galego como en español, nunha posición artística que aspira

non a complementar senón a instituír autonomamente unha cultura escrita, con elevación estética da clase social que posúe o idioma que se converte en instrumento público. Esta actitude e esta perspectiva: Galiza como centro, como patria, *tout court* (non como «la pequena patria» ou «la patria chica»), como lugar de partida e de retorno, como «célula de universalidade», nunca como recinto de paiola imitación cosmopolita..., esta actitude e esta perspectiva vanse expresar de forma radicalmente orixinal e desacomplexada na ilustre Xeración do 16, en nomenclatura de Ramón Vilar Ponte, un dos seus máis destacados membros. É a viaxe centrípeta, que seguiremos sumariamente a través dalgúns exemplos significativos.

Comezaremos por Vicente Risco, por ser o máis vello da súa xeración, dos nados na década dos 80 do século XIX, e por ostentar, até a súa defeción, a xefía indiscutida do pensamento galego, así recoñecida polos seus compañeiros e colegas. Ao longo de moitos números da revista *Nós*, por el fundada e que codirixía, xunto con Castelao, Risco vai publicando as crónicas da súa viaxe de estudos por Centroeuropa: Berlín, Praga, Viena... Comezan elas no número 79 da revista, correspondente ao «Día de Galicia do 1930», no mesmo exemplar en que publica Castelao o seu artigo «Sant Iago na Bretaña», con ilustracións da súa man que deseñan diferentes versións iconográficas do apóstolo. Esmérase Castelao en deixar ben claro que «na Bretaña non aparece endexamais o Sant Iago castrense. O apóstolo matamouros non pasou da Hespaña, e, como di Émile Male: «*La France en préfère une autre: elle représente Saint-Jacques apparaissant à Charlemagne et montrant au grand empereur le chemin de la Galice*» (Castelao 1930: 127).

Válennos estas palabras perfectamente para dar conta do espírito que guiará a contemplación e valoración que das cidades e vida europeas fará Risco, sempre con referencia á propia Galiza e, inclusive, á súa conxuntura sociolóxica e política. Nesta nova ollada, na consideración de Galiza como un pólo de comparación, reside unha mudanza revolucionaria verbo da colonización política e mediática imposta. Lembremos como o imponente mosteiro de Oseira era chamado o «Escorial gallego», o balneario de Mondariz o «Baden Baden» galego, Ferrol, «Andalucía en Galicia»... «Madrid en Coruña», «Nueva York en Coruña»... eran -ou son- nomes de tendas co carimbo do prestixio metropolitano, nas dúas escalas do Imperio, o desafiado e o emerxente, mais con idéntica e servil dependencia do amo... Este era o ambiente, a atmosfera colonizada que tiñan detrás e arredor os nosos protagonistas, os patriotas galegos da altura. Contrariando radicalmente a alienación e a actitude submisiva que reflectían os pobres irmáns do conto recollido por Ben-Cho-Shey, un Risco ou un Castelao inauguran -non inconsciente, senón moi conscientemente- un novo **tipo galego**: o que, no seu xuízo, merece e necesita o século XX na Galiza. Este novo tipo definiríase polos seguintes trazos de pensamento:

- A Galiza non é un anaco de España con certas peculiaridades finistérricas senón un universo autónomo, marcadamente diferente e, por tanto, elemento de referencia e de comparanza.
- No decurso da viaxe, toda a paisaxe, a paisanaxe e mais a novidade son contemplábeis e analisábeis desde a Galiza, nas súas virtudes e nas súas limitacións.
- Elimínase de raíz calquer visión de admiración acrítica ou de xenoestima xeneralizada típica do galego colonizado.
- Estabelécese un diálogo en pé de igualdade con persoas, autoridades, monumentos, institucións...
- A interpretación é libre e é galega, o cal significa, obviamente, facer uso dunha liberdade sobre a que non se admite discusión e significa, simultaneamente, marcar como «nacionais», por tanto, condicionadas, todas as outras visións dadas por universais e canónicas. O relativismo do punto de vista galego non é máis que o correlato da parcialidade ou relativismo de calquer outro punto de vista europeu.
- Galiza, en fin, é centro, non periferia. Desbótase calquer perspectiva radial ou «solar», para adoptar unha perspectiva policéntrica e horizontal, en convivio da diferenza ínsita ás nacións europeas, recoñecidas oficialmente ou non.

A partir destes presupostos, non é estraño, por tanto, que o relato da viaxe de Risco comece (por certo, cunha frase belísima que contrasta vivamente co desleixo estilístico doutros tramos da viaxe xeográfico-literaria: «Galiza e mais o día fugiron ja de diante dos ollos pol-a acción solidaria do tren e do tempo») (Risco 1930a: 140) por, en terras de Burgos, contrastar, ao xeito rosaliano, a disposición das árbores castelás en contraste coas galegas:

Os arbres istes son arbres procesionarios: com'ó *betula fidelis* do noso roteiro lucense cara Teixido, van eiquí dúas ringleiras de chopos en procesión ao longo das estradas. E todol-os demais arbres tamén están en ringleira, en formación, non sei se militar ou eclesiástica, ou as dúas cousas [...]. En troques, os nosos arbres andan cada un por onde pode, ou por ond'ó deixan medrar, e así e todo, saben trunfar dos moitos nemigos que teñen: os donos dos predios colindantes, o Concello d'Ourense, etc., e apesares de todol-os despoboadores forestales hoxe â orde do día, impoñen â paisaxe o seu verde e a sua sombra. E eiquí, non. É máis, non sei s'eiquí nas vilas layaráns'os veciños de qu'os arbres ll'enchen de vermes as casas (Risco 1930a: 141).

Coa ironía con que sempre labra o seu estilo o escritor ourensano, velaquí como, en poucas palabras, aparece claramente deseñado o contraste Galiza / Castela, a metaforización arbórea do autoritarismo español, a denuncia do papel das institucións españolas na Galiza (concello de Ourense) e a diferenza na concepción da natureza, como vida ou como molestia evitábel. Mais esta primeira pintura non acaba aquí. O autor aínda vai engadir a correspondente lección histórica: Castela, pechada en si mesma, «refractaria ao alleo», soubo imporse a todos. Galiza, aberta a todos, «somentes soupo ser domeñada». «Cando saberemos tiral-o ensino d'estas verdades?», pergúntase Risco. Porque, segundo el, mentres Burgos foi *Caput Castellae*, esta foi a Castela xenerosa e libre, fraterna, anovadora e europea, a que morreu coas Comunidades; e cando Valladolid e Madrid decapitaron a Castela foi cando esta fixo calar toda voz que non fose a súa: «Castela d'aquela rematou de criar, e somentes lle quedou o expandirse; morreu a epopéa e nasceu o imperialismo».

Desde esta primeira entrega, funcionará, na prosa de Risco, a «tripla alianza»: xeografía-historia (incluíndo arte, cultura...)-Galiza. Así, ao admirar o progreso de Alemaña que non pasa polo abandono da tradición, expresará o seguinte desexo:

Quixera qu'os nosos emigrantes, en lugar d'íren pr'América, onde van brutos e voltan parvos, viñeran para estas terras, onde tanto poderían depender, principalmente a perfectamente lograda alianza do progreso co-a tradición, que fai qu'ó progreso semelle eiquí cousa natural, espontánea e engebre (Risco 1930b: 179).

A Europa, por tanto, como contrapeso do reforzo españolizador das repúblicas americanas, ex-colonias españolas que tantos emigrantes galegos acollían na altura. A admiración por Alemaña e a súa grandeza chega a abrir fendas no seu convicto e confeso anti-imperialismo:

Eu cheguei un instante, por fronte a estes edifizos, a sentir o que endejamais sintira: a grandeza do Imperio.

Para min, todo poder desmesurado, todo Imperio, é por natureza esmagador da vida, asoballador e petrificante. D'iste xeito pensei eu sempre. Mais agora, diante d'istes edifizos, comprendín de súpeto a justificación do soño imperialista dos Hohenzollern (Risco 1931: 229).

A xustificación viría dada porque esta aristocracia, adaptándose aos tempos, soubo, porén, manter os antigos valores do deber e do sacrificio en aras da Patria e soubo, segundo Risco, manterse como clase social dirixente digna da imitación da clase media. Mais esta admiración ficará axiña temperada pola crítica que realiza dos galegos

ou españois que se senten fascinados, sen criba, sen peneira, por todo o alemán, residenciando na ciencia, na arte, nos comportamentos sociais, deste país todo o bon e non vendo nada ruín.

A ponte latente coa Galiza faise patente co encontro procurado con galegos residentes na Alemaña, como Lois Tobío ou Fernández Armesto, ambos guías do noso escritor e acompañantes na súa xeira berlinesa, por moito que o ourensán lamente o filocomunismo destes seus colegas e o seu entusiasmo polos triunfos da Rusia soviética. Con eles coñecerá un outro galego, o doutor Varela Santos, que informa aos connacionais dun invento extraordinario que, secomasí, ao noso autor prodúcelle grima (as lentes de contacto) e cualifica de «heregía», en canto ao doutor galego parécelle moi ben e tenta aprender a súa técnica. Mais, fóra da anécdota que revela, máis unha vez, o rexeitamento do autor a todo o que lle parece modernidade artificial, é clave o aponamento que a seguir fai do médico: «*Iste Dr. Varela Santos é tan galego, tan galego, que ata fala castelán conosco*» (Risco 1931: 230).

Realmente, aquí temos, con toda a carga irónica empregada, unha definición, ou contradefinición, lapidaria do ser galego na sincronía a que o autor se refere (e, desde logo, extrapolábel aos nosos días). O binomio que sería natural, en sendo normal o galego (galego / alemán) e que, por decisión restauradora, Risco establece fóra da Galiza, é substituído polo binomio español / alemán, a imitación e seguimento do que acontece no país de orixe, entre o galego e o español. Igualmente, son de grande interese as observacións sobre a dualidade de uso checo / alemán na cidade de Praga, que o noso autor tamén visitará. Lembremos que Checoslovaquia –que Risco prefere denominar pola vella, isto é, Bohemia– independizárase do Imperio Austro-Húngaro doce anos antes, en 1918, e, a partir deste feito, comeza o que hoxe denominaríamos o proceso de normalización da lingua checa. Para alén de inevitábeis lembranzas galegas, na iconografía do Santiago peregrino nunha igrexa de Praga ou nas barcas que navegan polo Moldava e que lle recordan as dornas do Miño, en Ourense, o autor ten a oportunidade de apreciar o uso da lingua nacional recuperada, o checo, e, tamén, o uso e coñecemento xeneralizado da lingua imperial, o alemán, que é a lingua que el utiliza e en que se fai entender. Un restaurante onde vai xantar, descrébeo como:

[...] máis ben ruín, con mesas de mármore e rapazas feas sentadas a elas, que falaban alemán. Os mozos e mais o dono falaban checo, e tamén alemán. Decátome de que a situación real dos idiomas, en Praga, ven ser a mesma que sería nas vilas galegas s'ó galego fora a lingua oficial (Risco 1931: 116).

Non estará de máis lembrarmos que as Irmandades da Fala, ideadas e constituídas na Coruña polos irmáns Vilar Ponte, nacen –non por casualidade– no 1916, isto é, no ecuador da Primeira Guerra Mundial e cando se albiscaba o rexurdir de novas patrias, como se dicía daquela, isto é, a constitución de novos Estados correspondentes a nacións pertencentes aos Imperios euroasiáticos (austro-húngaro, otomano, ruso). Este despertar nacional(ista) funcionará, nesta *intelligentsia* galega, como un estímulo e un exemplo imitábel e reforzará a vontade de relación directa desde a Galiza, con prescindencia da alfándega española.

E é curioso como, no noso xuízo, o mellor Risco, o máis realista e o mellor intérprete da realidade política galega sexa o que, por estas mesmas datas, ano 1930, publique *El problema político de Galicia*, dentro da «Biblioteca de Estudios Gallegos», da «Compañía Ibero-Americana de Publicaciones», colección dirixida por Álvaro de las Casas, que será tamén o prologuista do volume. Semella que a obriga de explicar Galiza e explicarse el propio, en español, para públicos non galegos, ademais de para os propios connacionais, o levase a un exercicio de poda das tentacións individualistas, irracionalistas, para se centrar na diagnose do colectivo e do politicamente padecido e rectificábel:

Aquí se puede ser maestro, bachiller, profesor, médico, funcionario, magistrado, notario, canónigo, obispo, obtener los más altos grados y los más altos cargos sin saber nada acerca de Galicia. El Estado concede gratuitamente el derecho a ignorarla. He aquí el modo absurdo que se tiene de culturizar nuestro país: forzándole a ignorarse a sí mismo (Risco 1930c:147).

En fin, tres anos máis tarde, cando Risco publique «Nós, os inadaptados», no número 115 da revista *Nós*, en coincidencia co «Día de Galicia», estará en condicións de facer o sociorretrato da súa xeración, que utilizaremos para tender a ponte de comentario con outro ourensano ilustre, Otero Pedraio, non sen antes anotarmos un moi sagaz apontamento dun Ricardo Carballo Calero ben mozo (24 anos), nun artigo titulado precisamente «A xeneración de Risco», a propósito da validade dos xuízos risquianos moito máis para os escritores do cenáculo de Ourense que para toda a xeración. O xa perspicaz crítico coida que o perfil de inadaptado, dandy, exotista, individualista... non lle acaía a un marxista como Quintanilla ou a un paisano como Castelao. Foi, opina, a «idea galeguista, como un *deus ex machina*» que desce aos corazóns a que humaniza aquel grupo de Ourense, a que converte os antigos manequíns en homes emocionados na ollada do mundo galego a que se unen nun fogo de cordialidade e amor (Carballo Calero 1934: 184). Voltemos ás palabras de «Nós, os inadaptados»:

Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e vulgar, viñemos dar na solpreendente descuberta de que Galicia, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea, ofrecíanos un mundo tan esteso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, coma os que andabamos a procurar por ahí adiante (Risco 1933: 122).

E, como anotación fundamental para a novela iniciática de Otero Pedraio:

*Arredor de si*, máis que unha novela, é a autobiografía, non soilo dun home, senón dun agrupamento, case dunha xeración. É a autobiografía do cenáculo do autor, ao que eu pertencín tamén (Risco 1933: 122).

As anotacións de Risco á novela pedraiana lévannos da man a un outro semantema do concepto viaxe que, agudamente, el define lúcidamente: a viaxe, ou «pelerinaxe» por todo tipo de mundos, de esferas e de *dilettantismos*, para acabar batendo con eles mesmos, coa súa identidade negada, disimulada ou mascarada, a través, naturalmente, da ponte do idioma nacional e do coñecemento do propio país. Desta experiencia persoal, que supón unha catarse, unha anagnórise e, tamén, a fusión definitiva do eu individual co eu colectivo, a través dunha construción cultural propositada en clave nacional, vai xurdir, en comunión laica, o mellor de todo o que nos legou o Segundo Renacemento da Literatura Galega. Existirá, como demostrou Carme Fernández Pérez-Sanjulián (2003), unha vontade expresa de construíren unha teoría global sobre a Galiza, en que a novela nacional xogarí a un papel fundamental por ser recipiente ficcional dos elementos identitarios e nacionalitarios que cumpría exhibir e divulgar.

A moitos quilómetros-millas de distancia, desde a emigración arxentina, así o entendía tamén un escritor como Emilio Pita, que se ocupa, nas páxinas da revista *Fouce*, da publicación de *Arredor de si*:

A novela ten un senso de fondo patriótico. O protagonista, esprito idealista esfameado de saber, vaga e deambula arelante de cultura. Picotea na meseta castelán, no misteiro de Toledo, na Francia, Alemania, Bélxica. E fina n' unha auto-confesión, atopando que a súa obriga está na terra; na causa da terra. Até o de agora había camiñado sin rumbo fixo, pelingriño perdido na noite; o mesmo que a Galiza que «tamén comenza a ser outravolta hestórea desde que adepreendeu os camiños pr' atopar a sua concencia e deixou de andar com' unha cega «arredor de si», verbas con que fina a novela (Pita 1930: 2).

Mais o ano anterior á publicación desta novela, por tanto, en 1929, e tamén na editorial Nós, dirixida por Ánxel Casal, aparecerá *Pelerinaxes*, de don Ramón, con prólogo e ilustracións de Vicente Risco. O subtítulo: «Itinerario d' Ourense ao San Andrés de Teixido» é de seu expresivo dunha unicidade e dunha ruptura fundamentais: a ruptura da división tetraprovincial imposta pola Administración española, após o decreto de don Javier de Burgos, en 1833, ministro de Fomento, e a substitución deliberada por dúas marcas topográficas pertencentes a senllas comarcas ben diferentes do común país: do interior á costa; do Ribeiro á ribeira marítima; da agricultura á pesca; do Sul ao Norte; e isto, tal e como se indica no pórtico da obra, por «todol-os camiños de Galicia».

É Vicente Risco, máis unha vez, quen se encarga, nas palabras prologais, de definir o obxecto e características da viaxe intranacional, dese roteiro a pé que emprenden, «nin turistas nin deportistas», por varias comarcas do país, até chegaren, como os antigos celtas, a veren o mar... Toda viaxe, encarece, supón sempre unha descuberta e en cada revolta do camiño pode aparecer unha sorpresa. Aínda hai tantos e tantos galegos que se comportan como turistas ou como veraneantes ou ben que o ignoran todo sobre a Galiza fóra do lugar onde moran. Para combater semellante anomalía, cómpre emprender viaxe co espírito de Anteo, no seu abrazo coa terra nai, a antítese do cosmopolita que refuxia a súa mediocridade en sentirse de nengures:

[...] unha terra por pequena que pareza a tanto parvo com'anda pol-o mundo estupidizado pol-a morfina pezoñenta do cosmopolitismo, engado dos mediocres, encerra en si todol-os misterios do universo. E eiquí compre lembrar o qu' escribín hai tempo: «Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo, é o mundo inteiro. Poderás andala en pouco tempo de Norte a Sul, e do Este ao Oeste n-outro tanto; poderás volvela a andar outra vez e outra, e outra aínda; non-a has dar andada toda (Risco 1993: 10).

E, como tantos outros volumes ou pezas artísticas da cultura galega, *Pelerinaxes* é un libro atípico ou a-xenérico. É libro de viaxes, por suposto, e ben circunstanciadas. Mais é, asemade, o libro dun xeógrafo, dun historiador, dun erudito, e dun profundo amante da terra que tripa, dos lugares que visita. Este sentido telúrico non se esgota en si mesmo: está teleoloxicamente dirixido á significación dignificada da Galiza toda, no material, no político, no cultural, conectado, xa que logo, á resolución favorábel dunha crise, a provocada pola negación da Galiza e pola colonización e despersonalización de que era obxecto.



No medio e medio da década dos oitenta do XIX, nace Castelao, algo máis novo que Vicente Risco, algo máis vello que Ramón Otero Pedraio. Compartindo con eles obvias características epocais e, por suposto, xeracionais e políticas, na común xeira nacionalista e nacionalitaria, presenta trazos de distintividade tan acusados que mal se pode despachar –a teor do espazo e do tempo xa consumidos– cunha pincelada superficial. Digamos só que un criterio convencional incluíría obras del como *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) ou *As cruces de pedra na Galiza* (1949-1950) como fillas da serie literatura de viaxes. Igualmente, unha obra publicada sob o título *Diario 1921. Francia. Bélxica. Alemaña* (Galaxia, 1977) que nós excluimos deliberadamente desta consideración, pois o autor nunca a publicou como tal, xa que se trata, como o título indica, «Diario», dunha escrita para si e non dunha peza pensada ou revisada para a súa edición. Tan é así que o autor si publicou, nas páxinas de *Nós* cinco mostras deste seu Diario e mais un traballo sobre o cubismo, mais nunca o texto completo, onde el mesmo confesa que inclúe con frecuencia impresións dun artista, non reflexións demoradas. Mais, en todo caso, os nove meses de viaxe como pensionado da «Junta para la Ampliación de Estudios» ou os catro pola Bretaña e os seus resultados bibliográficos entrarían plenamente no subxénero convencionalmente definido.

E, a despeito do dito, hai unha viaxe -no sentido simbólico-político- de Castelao que nos semella máis interesante aínda. É o seu periplo vital, da Galiza á Pampa arxentina, como fillo de emigrante; de retornado a Galiza, a estudante *troiano*, médico e artista; de humorista colonizado a integrante das Irmandades da Fala e rexo nacionalista; de artista e escritor integrado de cheo nun proxecto nacional a deputado e pensador; de propagandista activo do galeguismo e da legalidade da República por lugares ben diferentes do mundo a exiliado forzoso; en fin, en viaxe circular e derradeira, de neno galego no chao arxentino a adulto que vive os seus derradeiros anos de novo no país austral, onde remata a obra, con maiúsculas, fundamental do pensamento e da política galega do século XX, *Sempre en Galiza*.

É esta a viaxe biográfica e histórica que propomos que se analise, co rigor e a paixón precisos, arredor da figura de Castelao, un inmenso río, cheo de afluentes riquísimos que vivifican moitos aspectos variados e distintos do acontecer galego na primeira metade do século XX e, aínda, da historia contemporánea na súa totalidade.

## 5. Fin (aparente) da viaxe

Nós imos concluír unha viaxe xa demorada de máis, pero que non esgotou en absoluto os seus itinerarios. Só podemos trazar unha breve guía de varios camiños posíbeis. A título de propostas que coidamos suxestivas, apuntaremos as seguintes:

- O seguimento da viaxe involutiva de Risco, indiciariamente anunciada na súa obra anterior á guerra civil. O seu anti-marxismo; as súas ideas e prácticas relixiosas; a concepción das mulleres; a corrupción dos costumes asociada á liberdade sexual; as reservas face aos xudeus..., aspectos todos que salferen, aquí e alá, as páxinas das súas crónicas viaxeiras por Alemaña e outros países europeos.
- A viaxe ideolóxico-estética de Castelao, ao compás da súa biografía, como xa se dixo, e como espello da Galiza de entreguerras (1916-1950).
- A confluencia de dúas viaxes, a forzosa e a voluntaria, como reflexo dun proxecto, interclasista, de construción nacional, con intersección, desde 1936, dos dous mundos, o da emigración e o do exilio.
- A orixinalidade das viaxes dos intelectuais galegos que denominamos centrípetas a respecto do paradigma das viaxes dos ilustrados europeos do XVIII e do XIX. A tónica, nestes, é o desprazamento desde a metrópole á colonia (Byron, a Grecia; Van Gogh, a Tahití; Chateaubriand, a Norteamérica; Thomas Edward Lawrence, a Arabia; Lady Hester Standhope, a Grecia, Exipto, Oriente Medio, etc. ...). Nos galegos, pártese da colonia ás metrópoles, para retornar a ela, reforzado, que non anulado, o sentimento e a conciencia nacionais.
- A viaxe, do nacionalismo ao internacionalismo, e viceversa, tal e como preconiza Ramón Vilar Ponte no seu discurso «O sentimento nacionalista e o internacionalismo», de 1926, con que ingresou no Seminario de Estudos Galegos, admirábel tantos anos despois pola súa modernidade, vixencia e lucidez analítica.
- O seguimento dos roteiros que o pensamento e a política galega seguiron na segunda metade do século XX, con dúas viaxes ou dous camiños paralelos: o que representa a continuidade da teoría e da praxe de Castelao e o que emprende, por centrala no seu principal inspirador, Ramón Piñeiro: o camiño que animou a prosecución do nacionalismo e o que impulsou o seu desaparecemento do escenario político e a súa disolución en empresas culturais.

Dáse, en fin, a circunstancia de que seguen vivas, no noso aquí e agora, a viaxe forzoza (emigración laboral), a centrífuga (o triunfo en Madrid ou máis alá), a centrípeta (o retorno á Terra ou a viaxe intrapaís, onde aínda hai tanto por coñecer) e, aínda, en pleno século XXI, a viaxe imposíbel, isto é, a que nunca se conta como é debido nos medios de comunicación, nas institucións, no ensino ou nos grandes aparatos propagandísticos. É unha viaxe aparentemente moi simples: a que consiste en podermos camiñar como galegas-os a tempo completo, non con permiso de circulación restrito. Ese foi o repto que asumiron os nosos ilustres antepasados e ese segue a ser o noso do presente conflitivo que nos toca vivir. Percorrer este camiño, resolver a crise a favor dunha correspondencia entre o que somos e o que queremos ser, completará unha obra iniciada hai case cen anos por eles. A viaxe non terminou. Prosigámola.

Obrigada a todos vostés.

### Referencias bibliográficas

Ben-Cho- Sey (1927): «Conto», *Nós* 41, 10.

Carballo Calero, R. (1934): «A xeneración de Risco», *Nós* 131-132, 182-184.

Castelao, A. D. R. (1971) [1926-1929]: *Cousas* (Vigo: Galaxia).

Castelao, A. D. R. (1930): «Sant' Iago na Bretaña», *Nós* 79, 124-127.

Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003): *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo* (A Nosa Terra: Vigo).

Madoz, P. (1986) [1845]: *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar. Galicia*. Tomo V; edición facsimilar (Santiago de Compostela: Editorial Breogán).

Pita, E. (1930): «Letras galegas. *Arredor de si*, novela galega», *Fouce* 23, 2.

Risco, V. (1930a): «Da Alemaña. I. A viaxe», *Nós* 79, 140-144.

Risco, V. (1930b): «Da Alemaña. I. A viaxe», *Nós* 81, 179-185.

Risco, V. (1930c): *El problema político de Galicia* (Madrid: Compañía Ibero-Americana de Publicaciones).

Risco, V. (1931): «Da Alemaña. III. Berlín», *Nós* 96, 228-234.

Risco, V. (1933): «Nós, os inadaptados», *Nós* 115, 115-123.

Risco, V. (1993) [1929]: «Prólogo», en Otero Pedrayo, R., *Pelerinaxes*, 7-10 (Sada-A Coruña: Ediciós do Castro).